

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E DE FACENDA E ECONOMÍA

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de maio de 2020**

Ás 17.30 horas do día 20 de maio de 2020, réunese a comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía , a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace <https://call.lifesizecloud.com/3450246> remitido coa convocatoria), coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Miguel Caride Domínguez, **deputado de Democracia Ourensana**

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Francisco Cacharro Gosende

Interventor: D. José Mosquera Casero

Actúa de **secretario** da comisión, dando fe do acto, don Francisco Cacharro Gosende, secretario xeral da Deputación Provincial de Ourense. En particular, e dado o sistema de

videoconferencia empregado para a realización da sesión, dáse fe da concorrencia en tempo real dos asistentes, aos que reconece a través da imaxe retransmitida e de que se encontran en territorio español, e da súa capacidade efectiva de participación nas deliberacións que se producen na reunión, así como da manifestación da súa vontade a través do voto.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de febreiro de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía do día 19 de febreiro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA PARA QUE OS CONCELLOS E DEPUTACIÓNS POIDAN DISPOR DO 100% DO REMANENTE DE TESOURERÍA OBTIDO POLAS ENTIDADES

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, dá lectura á proposta de acordo da moción.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, anuncia o voto favorable do seu grupo, xa que a propia moción do BNG, que se tratará na comisión seguinte, é parcialmente coincidente con esta. Chama a atención sobre o problema que implica a regra de gasto, xa que se este ano as entidades locais realizan un gasto menor, o ano que ven poderemos gastar incluso menos.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que todos os concellos aplaudirían que se lle permitise utilizar os seus remanentes para a realización de gasto, pero lembra que estas restricións foron establecidas polo Partido Popular no ano 2012 a través da Lei Montoro. Anuncia a abstención do seu grupo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que esta moción coincide co que propón o Grupo Popular na moción que se tratará a continuación e anuncia o voto favorable do seu grupo.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, anuncia o voto a favor.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, di que é indiferente quen aprobase ha anos esta lei e que o importante é pensar agora que é mellor para axudar á veciñanza a facerlle fronte á crise na que nos atopamos.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de Democracia Ourensana (1), do BNG (1) e de Ciudadanos (1) e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Instarlle ao Goberno de España a que os concellos e deputacións poidan dispor do 100% dos remanentes de tesourería obtidos polas entidades, flexibilizando a regra de gasto para todas as entidades locais e provinciais con superávit, con independencia de que cumpran ou non os requisitos establecidos na Disposición adicional sexta da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, co fin de paliar os danos económicos provocados polo estado de alarma

3º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR E DEMOCRACIA OURENSANA PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A GARANTIR A AUTONOMÍA QUE A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA E AS LEIS LLES OUTORGAN ÁS ENTIDADES LOCAIS PARA A XESTIÓN DOS SEUS RECURSOS

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que o contido da proposta é claro e en alusión á Sra. Lama Fernández di que nin Montoro nin Montero , que os nosos recursos son nosos e dos nosos veciños e de ninguén máis.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, anuncia o seu voto a favor.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, di que o importante é como se vaian empregar eses fondos, pero en todo caso o lóxico é que cada concello sexa o responsable do seu emprego, e que sirvan como panca de desenvolvemento fronte á crise.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, di que esta moción parte de simples rumores ao respecto de que o goberno se vai apropiar dos fondos das entidades locais, o cal é pura rumoroloxía, e fai un relatorio das accións emprendidas polo goberno de España para facerlle fronte á crise (prohibición de despidos, ERTES, prestacións extraordinarias para autónomos, subsidios para empregados/as do fogar, prohibición de desafiuzamentos, prestacións extraordinarias para autónomos por cese da actividade) e todo isto son feitos e non propaganda. Cre que se debe ser máis rigoroso coas mocións e aínda que o seu grupo podería estar de acordo co punto terceiro da proposta, está en desacordo co resto, polo que votarán en contra.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, di que non se trata de rumoroloxía e aí están as hemerotecas con manifestacións expresas e concretas ao respecto. Máis alá disto, o gran problema é canto diñeiro vai necesitar o goberno para facerlle fronte á crise, e se non lle chegan os fondos terá que acudir ou ben a un financiamento extraordinario que estará fortemente condicionado pola UE ou ben ao superávit das entidades locais, polo que cre lóxico que desde a Deputación Provincial se defenda o que é noso.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, di que o BNG non apoia a exposición de motivos desta moción, pero concorda cos acordos propostos, Engade que unha cuestión distinta e moi importante é a de cal vai ser a forma de aplicación dos fondos do superávit por parte da Deputación. En todo caso, chámalle a atención que sexa o Partido Popular o que propoña agora a desaparición da regra de gasto e que sexa o PSOE o que manifeste unha posición contraria ao respecto. Polo demais, sinala que a cooperación da Deputación cos concellos de momento limitouse a 20.000 euros adicionais no Plan de empregabilidade e a mil e pico euros do BenOurense Veciñ@s, e iso é todo, polo que non hai verdadeiro apoio económico aos concellos desde a Deputación. Anuncia o voto a favor.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de Democracia Ourensana (1), do BNG (1) e de Ciudadanos (1) e o voto en contra do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Instar ao goberno de España a:

1º.- Non utilizar os poderes excepcionais que lle confire o estado de alarma, nin outros subterfuxios legais, para apropiarse dos aforros das EELL vulnerando preceptos constitucionais e leis en vigor debido a que, como indica o artigo 29 da Lei do goberno, está suxeito á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico en toda a súa actuación.

2º.- Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis lles outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

3º.- Flexibilizar as regras para que as entidades locais poidan utilizar os seus superávits para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar contra a pandemia, sempre en coordinación coas comunidades autónomas e o Estado.

4º.- Que se se expón modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais, valide as ditas modificacións no Congreso dos Deputados, ante os lexítimos representantes de todos os españois, dado que a declaración do estado de alarma non interrompe o normal funcionamento dos poderes do Estado (artigo 1.4 da Lei 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio).

5º.- Cumprir o acordado pola FEMP e o Goberno de España na reunión do 20 de abril de 2020, na que estivo presente o presidente do goberno e na que se acordou que non se expuxesen cambios no Congreso sen estar previamente acordado coas EELL.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-

4ºA.- EXPEDIENTE NÚMERO 4/2020 DE MODIFICACIÓN DO OBXECTO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA APROBADA NO PLENO DO 29 DE SETEMBRO DE 2019 E PUBLICADA DEFINITIVAMENTE NO BOP NÚMERO 251 DE 31 DE OUTUBRO DE 2019.

O Sr. **interventor** expón o contido da proposta da Presidencia.

Seguidamente sométese a votación a urxencia do asunto, que é aprobada por unanimidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, anuncia que reserva o voto para o Pleno.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, anuncia que se vai abster e di que esta modificación é un reflexo da realidade de como se asignan as subvencións nominativas na Deputación, porque non pode ser que primeiro se pida unha subvención para churras e logo se cambiar para gastalo en merinas, e isto demostra que as subvencións nominativas non se consignan en atención á súa finalidade, senón en función de cal sexa o concello solicitante. Certamente esta modificación non é tan sanguinolenta como a que se levou ao pleno do 29 de abril para o Concello de Porqueira, na que se cambiou a finalidade dunha subvención para investimentos para destinala a gastos de subministración de enerxía eléctrica do ano 2016 e desde logo ten as súas dúbidas de que isto sexa legal. En definitiva, este é un exemplo do que non debe ser.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, anuncia a reserva de voto do seu grupo, e remítese ao xa manifestado reiteradas veces sobre a forma na que se reparten este tipo de subvencións.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que o seu grupo apoia esta proposta por respecto á autonomía municipal, xa que se o concello de Esgos entende que debe cambiar a finalidade da subvención debe respectarse a súa decisión.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) e de Democracia Ourensana (1) e a abstención do Grupo Socialista (3), do BNG (1) e de Ciudadanos (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do obxecto da subvención nominativa de carácter puramente cualitativo, e que non supón incremento do gasto xa previsto no orzamento orixinal de 2020.

Esta variación non cuantitativa afecta ao capítulo VII de gastos, co seguinte contido:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” da modificación orzamentaria 4/2019 dos orzamentos do 2019, prevíase unha subvención ao **Concello de Esgos** para a execución da obra “pavimentación Lobaces- Quintas” por importe de 40.000,00 euros.

Baseándose na solicitude presentada polo Concello de Esgos de data 18 de febreiro de 2020 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día **procede modificar a**

finalidade da subvención, que pasa a ser a “Construción dun muro e humanización dos núcleos Lobaces e Quintas”

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Esgos	Construción dun muro e humanización dos núcleos Lobaces e Quintas	40.000,00 €

2ª.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formulan.

E, ás 18.00 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.